

# MEMORIA PLAMBE

## *O CÓMIC*



**BIBLIOTECA  
“ANTÓN CORTIZAS”  
CEIP ISAAC PERAL**

**CURSO 2022/2023**

## ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

O proxecto deste curso, “O cómic”, intenta ser interdisciplinar e integrador, que abrangue todas as áreas do curriculum e debe axudar a desenvolver todas as competencias.

É labor do equipo de Biblioteca promover a lectura de todo o alumnado, a través de distintas actividades seleccionando lecturas axeitadas e presentando diferentes temáticas e formatos.

Este curso, o equipo de biblioteca quixemos abordar o formato do *cómic* centrándonos nos personaxes e as súas temáticas, e coma sempre, o proxecto tivo unha grande acollida por todo o claustro e alumnado.

O cómic é moi atractivo para nenos e nenas, e pode servirnos de reclamo para traballar outros aspectos coma historia, traballar o cómic clásico, a tolerancia, tamén para achegar ós alumnos/as a obras literarias que non están dirixidas a súa idade....etc.

Doutra banda puidemos traballar tamén a figura do antiheroe, e a muller como escritora de cómic, un campo reservado antes ós homes case en exclusividade.

Agora mesmo estase editando moito para todas as idades, chegando incluso aos máis pequenos, tamén aos prelectores, con historias montadas só con imaxes.

Permitiunos centrarnos na oportunidade e punto de partida para fomentar un taller de ilustración e de escritura creativa e aplicar ese formato para desenvolver distintas actividades.



### ▪ APERTURA DA BIBLIOTECA

Os nenos e nenas de Educación Infantil prepararon un mural da nosa mascota, Peraliño, dando a benvida a todo o alumnado na súa primeira visita á biblioteca.

A actividade inicial celebrouse coma un momento especial de encontro no espazo físico da biblioteca, no que se iniciaba o proxecto a desenvolver ao longo de todo o curso. Os nenos e nenas atoparon unha nova distribución dos contos e libros, contando ademais cun novo mobiliario que facilita a súa accesibilidade.

O equipo de biblioteca achegou a cada titoría un vídeo de presentación antes da primeira visita, para que souberan o que ían atopar.

O seguinte enlace é o pequeno vídeo que viron todos os nenos e nenas da escola:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1982>

O día 24 de outubro, por tanto, organizáronse unhas quendas para descubrir a nova biblioteca, e onde lembramos as normas para o seu uso e onde solicitamos a colaboración de todo o mundo para poder mantela ordenada.

Todas as visitas foron un éxito. O equipo de biblioteca solicitou a cada titor/a que lles fixera unha foto de grupo na súa primeira visita, coas que faríamos un mural en formato cómic, como punto de partida para introducir este novo formato.



Non obstante, iso non impediu que fixéramos unha coidadosa selección de lecturas axeitadas para cada curso e foi Peraliño, a nosa mascota o que llas levou a cada unha das clases para formar parte da biblioteca de aula.

Como xa sinalamos anteriormente, este curso, o primeiro día no que os distintos grupos acudiron á biblioteca presentamos ao alumnado das dúas etapas, de Infantil e de Primaria, a nova distribución e o sistema para colocar os contos e libros no seu lugar correspondente.

#### ▪ **SAMAÍN E MAGOSTO**

No primeiro trimestre celebráronse no centro algunhas festas cunha gran importancia de tradición da cultura galega, como é o Samaín e o Magosto. Aproveitáronse para traballar, entre outros aspectos: refráns, trabalinguas, rimas, poemas, e outros textos en galego, os cales xurdiron dalgúns contos e libros que ofertou o equipo da Biblioteca tanto do noso fondo de libros de sempre, coma outras novas adquisicións.

Os recursos que ofrece a páxina web do centro podedes consultalos no seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1971>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1974>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/displayimage.php?pid=46463>

#### ▪ **FELICITACIÓNS DE NADAL.**

Nas aulas o alumnado elaborou diversidade de felicitacións de Nadal, coas que decoramos os corredores da escola.

Nos seguintes enlaces figuran as actividades feitas en Nadal:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1979>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=984>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=982>

[http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/displayimage.php?album=982  
&pid=47134#top\\_display\\_media](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/displayimage.php?album=982&pid=47134#top_display_media)

Ademais o equipo de biblioteca colgou na nosa páxina web unha suxerencia de lecturas para agasallar nestas datas:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1978>

#### ▪ **MOCHILAS VIAXEIRAS**

Por fin este curso puidemos recuperar a visita das mochilas viaxeiras tanto en Infantil como en Primaria. Esta actividade tivo unha grande acollida por parte do noso alumnado, que estaba desexando poder empezar coas lecturas seleccionadas polo equipo da biblioteca para ler en familia.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1981>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=986>

#### ▪ **DÍA DA PAZ**

O día 30 de xaneiro conmemorouse no centro o Día Escolar da Non Violencia e da Paz.

A paz é un valor fundamental que debemos tratar nas aulas para que os nenos e nenas a incorporen ao seu sistema de valores, que está a formarse nestas idades. A paz enlázase a outros valores como a tolerancia e o respecto.

A biblioteca é un banco de recursos estupendo para traballar os valores e conta cunha referencia de libros que permiten traballalos na aula.

Este curso fixemos diferentes actividades: elaboración dunha árbore por curso, nas que as follas eran corazóns cheas de palabras bonitas, escribir mensaxes de amizade nuns pósts diariamente (na semana da paz) e que ían dirixidas a compañeiros e compañeiras que nos tocaban no sorteo diario a nivel de aula. Esas mensaxes as íamos pegando nunha banda que todos e todas levamos o día da paz para casa.



Este curso non realizamos unha actividade conxunta de todo o centro, pero nas aulas centrámonos en traballar este valor fundamental para vivir nunha sociedade xusta e igualitaria.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1983>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=989>

#### ▪ **ENTROIDO**

Este curso celebramos a festa do Entroido participando todo o colexio do proxecto da Biblioteca (O cómic) e para iso seleccionamos a figura do heroe e da heroína.

O primeiro día, nenos e nenas viñeron disfrazados da casa cun disfraz escollido por eles/as. O venres de Entroido puidemos lucir o que fixemos na escola, durante os días previos, recuperando o desfile que había anos non faciamos, por culpa da pandemia.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1987>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=991>

## ▪ DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

O Día de Rosalía de Castro é unha celebración fixada para o 23 de febreiro. A proposta constaba de varias actividades arredor da figura de Rosalía de Castro: Lectura, reprodución e recitado de poemas e unha elaboración de distintas actividades relacionadas con Rosalía diferenciadas para levar a cabo polos distintos ciclos.

A páxina web do centro ofrece tamén moitos recursos que podedes atopar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1984>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1977>

## ▪ O 8 M

O 8 M traballamos o lema **“8M, oito viñetas”**, aproveitando o tema do cómic que é o que nos ocupa este curso como xa dixemos anteriormente.



O equipo de biblioteca fixo unha selección de libros referidos a esta temática para que os titores e titoras os traballasen nas aulas, reflexionando sobre que a igualdade debe estar integrada no noso día a día e non so nesta data concreta.

Cada clase fixo distintas dinámicas, xogos e murais para poder levar a cabo esta reflexión

Os ciclos superiores traballaron a figura das “Sensombreiro”, investigando sobre as súas biografías e a relevancia do seu papel no desenvolvemento dos dereitos das mulleres.

Pola súa banda, Educación Infantil traballou a cor morada e a palabra “Muller” e fixeron uns murais preciosos.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1990>

#### ▪ POEMAS ADICADOS A PERALIÑO

Este curso quixemos adaptar un espazo para ir poñendo distintos poemas traballados nas aulas de poemas escritos á nosa mascota Peraliño. Dentro da tipografía do texto da poesía, xurdiron poemas moi bonitos.



#### ▪ DÍA DO LIBRO

O día 23 de abril conmemórase o Día do Libro, polo que é unha celebración de gran importancia para a nosa biblioteca.

As propostas este curso consistían en varias actividades. Por un lado decorar o patio cuberto con páxinas de cómics expurgados polo equipo da biblioteca co fin de darlles un segundo uso, facendo talleres de papiroflexia (banderíns, muíños de vento, flores, bonecos...)



Doutra banda, durante esta semana tivemos a oportunidade de ler no patio, xa que escollimos algunhas lecturas e as puxemos nunhas maletas, situadas no patio cuberto para que maiores e pequenos puideran acceder.

A actividade tivo unha grande acollida e notamos que houbo bastante demanda, tamén por parte dos maiores que facían lecturas aos máis pequenos. Isto fíxonos plantexarnos mercar uns carros e ofrecer esta actividade con máis frecuencia.

Finalmente, os distintos ciclos fixeron outros talleres. Infantil fixo murais, e Primaria desenvolveu talleres da confección dunha carteira cos cómics expurgados, marcadores de libros...etc.

A actividades propostas tiñan certa flexibilidade, permitindo así adaptalas á idade e circunstancias do grupo, e o resultado logrado nos diferentes cursos foi diverso e enriquecedor.



A continuación podedes acceder ós seguintes enlaces para ver as diferentes actividades levadas a cabo incluídas tamén as lecturas que fixo o equipo da biblioteca empregando o Kamisibai.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1993>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=997>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1992>

### **LETRAS GALEGAS 2023**

A Semana das Letras Galegas do ano 2023 están dedicadas ó escritor Francisco Fernández del Riego. Este curso propuxéronse diversas actividades para levar a cabo nas aulas:

Por un lado cada aula traballou a vida e obra do escritor, atendendo aos distintos niveis, e a través de dúas propostas de cancións, elaboramos de xeito individual un bocadillo de



cómic onde poñía: *E ti por que falas galego?* O noso alumnado reflexionou sobre a cuestión e empapelamos as paredes do noso colexio coas respostas.



Na nosa páxina web contamos con moitos recursos, que podes consultar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1999>

Tamén fixemos unha xornada tanto Infantil coma Primaria de xogos populares no recreo para recuperar as nosas tradicións.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2004>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2003>

#### ▪ **VISITAS E CONTACONTOS**

##### ▪ **Pere Tobaruela**

Este curso os nenos e nenas de 4º de Primaria recibiron a visita de Pere Tobaruela, que é o autor dun libro que estiveron lendo na clase. Foi unha visita moi divertida, na que o autor lles asinou os exemplares e explicou como é a vida dun escritor.

Podes ver as fotos desa sesión nos seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1991>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=995>

##### ▪ **Antón Cortizas**

Doutra banda, os cursos de 5º e 6º recibiron a visita do noso padriño dea biblioteca, Antón Cortizas, co que estiveron facendo xogos de adiviñas. Pasárono moi ben construíndo o xogo do *Bico do galo*, unha especie de "ceo e inferno" con números e adiviñas, así como facer un chifre cun anaco de papel, mesmo lles recitou unha cantiga da súa infancia para botar as sortes nos xogos.

A continuación están os enlaces e algunhas fotos onde quedan recollidas as tan fermosas experiencias.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2001>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/2000>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=1000>

#### ▪ **Bea Teijeiro**

Este curso tamén recibimos a visita dunha contacontos da Biblioteca pública de Castrillón, que nos explicou cales son os distintos elementos do cómic; falounos de distintos autores e autoras, e mostrounos distintos exemplos que nos motivaron a coller eses cómics no nosos momentos de lectura.



#### ▪ **DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO**

Este curso, tal e como estamos a explicar ao longo das actividades desenvolvidas, incidimos moito no tema do cómic, non so no seu formato e nos seus elementos, senón tamén en distintos autores e autoras e na grande oferta que hoxe en día podemos atopar nas distintas librerías e bibliotecas. Invertimos grande parte do noso presuposto na súa adquisición e dímonos conta da boa acollida por parte do alumnado.

Fixemos actividades motivando ó noso alumnado á lectura, talleres, confección de ilustracións, visitas de distintos autores, relacionando todas elas coa posibilidade de enfocalas a través do prisma do cómic.

Recuperamos tamén as lecturas compartidas, lecturas (levadas a cabo durante todo o curso) por parte do alumnado dos cursos altos aos cursos baixos, que foron preparadas durante a semana e que levamos a cabo os venres.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1992>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=998>

Este curso ademáis recuperamos a actividade de préstamo de libros, unha vez incorporado o novo programa de xestión de biblioteca, *Koha*, que tivo unha boísima acollida, xa que nenos e nenas esperaban con moita ilusión a súa posta en práctica.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1998>

Este curso foi moi especial. O equipo de Biblioteca propuxo moitas actividades, secundadas todas por tódolos mestres, mestras e alumnado. Fixemos moitas cousas relacionadas co cómic e ampliamos considerablemente o noso fondo, mercando moitos exemplares deste xénero.

Aprendimos e disfrutamos moito.



### **GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.**

Na Programación Xeral Anual (PXA) para o curso 2022/2023 recóllense os obxectivos do Equipo da Biblioteca para dito curso. O proxecto que se planeou foi “**O Cómic**”, un proxecto interdisciplinar e integrador que abrangue a totalidade das áreas do currículo e pretende axudar no desenvolvemento de todas as competencias por parte do alumnado.

O obxectivo principal foi: **ANIMAR E FOMENTAR A LECTURA MEDIANTE O COÑECEMENTO DE DIFERENTES CÓMICS TRADICIONAIS E ACTUAIS.**

As actividades do proxecto adaptáronse aos diferentes actos e conmemoracións realizadas durante o curso: murais, elaboración de viñetas e cómics inventados polo alumnado, felicitacións de Nadal, mochilas viaxeiras, elaboración de disfraces coa temática dos heroes e heroínas, obradoiros de papiroflexia con cómics de refugallo, biblioteca móbil no patio ao aire libre, ampliación do fondo de libros...

Todas as actividades tiveron boa acollida e con elas pretendeuse potenciar a función da biblioteca como lugar dinamizador, motivador e imprescindible no centro escolar.

A maioría dos obxectivos propostos na aportación elaborada para a PXA foron acadados de xeito satisfactorio ao longo do curso.